


ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO ACORDO RETRIBUTIVO NO ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO SECTOR DE REFORMA XUVENIL E PROTECCIÓN DE MENORES

En Santiago de Compostela, sendo as 12,30 horas do día 26 de marzo do 2026, nos locais do Hotel Puerta del Camino, sito na R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n de Santiago de Compostela, reúnense as persoas relacionadas a continuación, co obxecto de constituír a comisión negociadora do Acordo Retributivo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia no Sector de Reforma Xuvenil e Protección de Menores.

POLA PARTE SOCIAL

SINDICATO CIG

NOME	DNI	SINATURA
Henrique García Vázquez	53181513Q	

SINDICATO CUT

NOME	DNI	SINATURA
Ricardo Castro Buerger	36085959V	

SINDICATO CCOO

NOME	DNI	SINATURA
Tania Alonso Soto	53181513Q	

SINDICATO UGT

NOME	DNI	SINATURA
José Antonio Míguez Vila	34970411S	 UGT

POLA PARTE EMPRESARIAL

ASOCIACIÓN EMPRESARIAL GALEGA DE FAMILIA, INFANCIA E XUVENTUDE. (GAFIX)

NOME	DNI	SINATURA
Antonio Campanón Sanjurjo	33321751H	

ASOCIACIÓN GALEGA DE CENTROS DE MENORES (AGACEME)

Sendo convocados formalmente declinan por comunicación formal a súa participación na comisión negociadora.

ACORDAN

1º.- Constituír a comisión negociadora do Acordo Retributivo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia no Sector de Reforma Xuvenil e Protección de Menores, recoñecendo mutuamente a súa condición de interlocutores e interlocutoras válidos/as e a súa capacidade para negociar conforme ao establecido nos artigos 87 e 88 do RD Lexislativo 1/1995 polo que se aproba o ET, ao abeiro do disposto na Disposición Transitoria Terceira do Convenio Colectivo Estatal de Reforma Xuvenil e Protección de Menores (código de convenio 99016175011900).

2º.- Achégase pola parte social certificado da Secretaría Xeral de Relacións Laborais sobre representatividade sindical, do que resultan os seguintes datos:

SINDICATO	NÚMERO DELEGADAS/OS	% REPRESENTACIÓN
CIG	22	41,509%
CUT	14	26,415%
CCOO	13	24,528%
UGT	4	7,547%
TOTAL	53	100,000%

3º) Pola representación empresarial distribúese a representatividade correspondente ás Asociacións cun 100 % para GAFIX.

4º) As partes acordan que estea formada por 4 membros cada parte.

Parte social.- De conformidade co certificado da Secretaría Xeral de Relacións Laborais, a parte social quedaría representada da seguinte forma:

CIG: 1 membro
CUT: 1 membro
CCOO: 1 membro
UGT: 1 membro


Acórdase que cada sindicato poida levar unha persoa asesora se así o considera necesario.

Parte empresarial.- A parte empresarial estará formada polos representantes e representantes das asociacións:

GAFIX: 4 membros

5º.- Acórdase que D. Victorino Escamilla Paz realice as funcións de Secretariado.

6º.- Acórdase que a negociación se desenvolverá sen presidencia, moderándose as sesións polo uso alternativo da palabra.



7º.- Acórdase un calendario de reunións flexible a requirimento de calquera das partes.

8º.- Identifícanse os seguintes correos electrónicos como medio de comunicación:


Parte Social:

CIG: ensinoprivado@cig.ensino-gal
CUT: secretariaxeral@cutgaliza.org
CCOO: ensino@galicia.ccoo.es
UGT: ensinoprivado@ugt-sp.ugt.org

Parte Empresarial:

Asociación Empresarial Galega de Familia, Infancia e Xuventude (GAFIX):
patronalgafix@gmail.com

Sen mais asuntos que tratar, dase por rematada a reunión, sendo as 12:45 horas da data arriba indicada.



Handwritten signatures and initials in blue ink. From left to right: a large circular signature; a signature with 'CCOO' written below it; a signature with 'UGT' written to its right; a signature with 'GIL' written below it; and a signature with 'CUT' written below it.

